

**PROCESO DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO/A PARA A OFICINA DE TURISMO DE CEE, FUNCIONARIO/A INTERINO/A, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TEMPORAL DO IMPULSO DO TURISMO NO CONCELLO DE CEE, PARA O ANO 2022/2023**

Cee, 22 de xuño de 2022

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

**EXAME (asinar en todas as follas)**

**Rodea cun círculo a respota correcta**

1 Quen integra o Concello?

- A O Alcalde e os funcionarios que traballan nel.
- B O Alcalde e os concelleiros.
- C O Alcalde, os concelleiros e os funcionarios.

2 Todos os municipios deberán prestar entre outros os seguintes servizos:

- A Iluminación pública, biblioteca pública, limpeza viaria, cemiterio e recollida de residuos.
- B Iluminación pública, rede de sumidoiros, limpeza viaria, cemiterio e recollida de residuos.
- C Iluminación pública, parque público, limpeza viaria, cemiterio e recollida de residuos.

3 As entidades fundamentais que forman a Administración Local son:

- A O Municipio e a Provincia.
- B O Municipio e a Comarca.
- C A Comarca e a Provincia.

4 Quen aprobou a Constitución española en 1978?

- A O Rei.
- B O pobo español.
- C As Cortes Xerais.

5 A organización territorial do Estado ven recollida na Constitución española de 1978:

- A No seu Título VIII.
- B No seu Título V.
- C No seu Título X.

6 A efectos da Lei 7/2011, do 27 de outubro de turismo de Galicia, cales das seguintes administracións públicas teñen a consideración de competentes en materia de turismo?

- A. Os concellos.
- B. A Administración da Xunta de Galicia.
- C. As dúas.

7 A efectos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, que dereito das usuarias e dos usuarios está recollido no seu artigo 11?

- A. Dereito a seguranza.
- B. Dereito a tranquilidade e á intimidade.
- C. Os dous.

8 A efectos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, que obriga das usuarias e dos usuarios turísticos non está recollido no seu artigo 19?

- A. Respetar o ámbito social e cultural e o medio ambiente.
- B. Comunicar ao prestador do servizo as queixas e as suxestións pertinentes, de ser posible, antes de finalizar o seu consumo, sen prexuízo do dereito de formulación de queixas ou reclamacións.
- C. Non pagar o prezo dos servizos recibidos no lugar, mentres non se resolva a queixa ou reclamación realizada.

9 A efectos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, as empresas de restauración clasifícanse nos seguintes grupos.

- A. Grupo I: restaurantes. Grupo II: cafetarías e bares. Grupo III: Cafés cantantes.
- B. Grupo I: restaurantes. Grupo II: cafetarías. Grupo III: bares e tabernas.
- C. Grupo I: restaurantes. Grupo II: cafetarías. Grupo III: bares.

10 Segundo a Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, os restaurantes clasifícanse nas categorías de?

- A. Cinco, catro, tres, dous e un garfos.
- B. Tres, dous e un garfos.
- C. Catro, tres, dous e un garfos.

11. A igrexa de Santa María da Xunqueira

- A. Conserva da época da súa construción a cabeceira gótica
- B. Foi queimada polos ingleses
- C. As dúas son correctas

12. O Camiño de Fisterra e Muxía entra no concello de Cee

- A. Polo monte e cruceiro da Armada
- B. Polo monte e capela de San Pedro Martir
- C. Polo monte e capela de San Antonio de Xallas

13. O conxunto etnográfico dos muíños de Morancelle podemos atopalo na parroquia de

- A. Cee
- B. Toba
- C. Pereiriña

14. O Museo Colección da Fundación Fernando Blanco de Lema abriu ás súas portas ó público

- A. En agosto do ano 2001
- B. En xullo do ano 2001
- C. En agosto do ano 2002

15. Das seguintes rúas, cal non está no concello de Cee?

- A. Rosalía de Castro
- B. Vázquez Queipo
- C. Eduardo Pondal

16. En que igrexa parroquial ceense se custodia unha reliquia relacionada co culto xacobeo?

- A. Na de Brens
- B. Na de Cee
- C. Na de Ameixenda

17. O Colexio Fernando Blanco pasa por ser un dos referentes educativos en Galicia desde a súa inauguración no

- A. Século XX
- B. Século XIX
- C. Século XVIII

18. O edificio da Fundación Fernando Blanco de Lema

- A. Inaugurouse no ano 1884
- B. A obra foi proxectada polo arquitecto madrileño Aguilar
- C. As dúas son correctas

19. Das seguintes praias, ¿cal non pertence ó concello de Cee?

- A. Lires
- B. Nemiña
- C. A Concha

20. No Museo da Fundación Fernando Blanco podemos ver

- A. Varios retratos realizados por José de Madrazo
- B. Obras de temática relixiosa de Díaz Carreño
- C. As dúas son correctas

### **Preguntas de reserva**

21. Cal das seguintes opcións é a verdadeira respecto ó castelo do Príncipe?

- A. Proxectado para defender a ría xunto co castelo do Soberano
- B. Debe ó seu nome ó daquela príncipe e logo rei, Carlos IV
- C. As dúas son correctas

22. Para coñecer mellor o perfil do visitante, o informador turístico pode facer, entre outras, preguntas como:

- A. Tempo de permanencia, procedencia, número de persoas que compoñen o grupo
- B. Cuestións relativas á propia saúde e situación socio-laboral dos visitantes
- C. Todas son correctas

23. A vila de Cee gardou durante séculos unha estreita vinculación coa cidade e catedral de Santiago así como coa ruta xacobeá. Tanto é así que,

- A. A vila contaba con hospital de peregrinos
- B. O arcebispo compostelán era o señor da vila
- C. Na propia igrexa ceense hai unha capela adicada a Santiago Apóstolo.

## **RESPOSTAS CORRECTAS**

- 1 B
- 2 B
- 3 A
- 4 C
- 5 A
- 6 C
- 7 C
- 8 C
- 9 C
- 10 A
- 11 A
- 12 B
- 13 C
- 14 A
- 15 C
- 16 C
- 17 B
- 18 B
- 19 B
- 20 B

### **Preguntas de reserva**

- 21 B
- 22 A
- 23 A